

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA NOVE DE OUTUBRO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ -LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día nove de outubro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dous de outubro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.691/07 de dona Josefina Mareque Tarrío

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ribeira, 1 -San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente na colocación de calefacción, para o que solicitou subvención á Xunta de Galicia.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo levar a cabo as obras segundo a memoria presentada.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento setenta e sete euros con vinte e oito céntimos (#177,28#).

2.2.- Instancia num. 1.713/07 de dona Sara Rico Barreiro

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente na colocación de cuberta de tella cerámica, colocación de canalóns, así como o revestimento de todas as fachadas, situada en Quintáns, en solo rústico de protección forestal (R3).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio así como as pendentes dos faldrons. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor da fachada será branca ou en tons suaves de acorde co medio rural.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos catorce euros con vinte e dous céntimos (#214,22#).

2.3.- Instancia num. 1.652/07 de don Constantino González González

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a colocación de portal de acceso a finca situada en Castro en solo urbano (U1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o portal será de 8,00 mts de distancia dende o eixe do vial e garantirase o natural discorrer das augas.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezoito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.4.- Instancia num. 1.700/07 de don Juan J. Gómez Lago

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda consistente no cambio do tellado por tella e uralita, de aproximadamente 20 m², situada en Pousada de Arriba en solo de expansión de núcleo rural (N2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio, así como as pendentes dos

faldróns. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.5.- Instancia num. 1.550/07 de don Rafael Barreiro López

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Cabanelas (Merín) solicita licenza para parcelación da finca 428 do plano da concentración parcelaria de Vilanova-Merín, situada no mencionado lugar de Cabanelas, en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Núcleo Rural (ordenanza N1), de acordo co proxecto técnico presentado firmado por don Camilo Neira Picón en calidade de Arquitecto con data 27 de xullo de 2007 e Anexo ao mesmo firmado polo mesmo técnico con data 27 de setembro de 2007.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concede-la licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Cabanelas da parroquia de Merín, nos termos do proxecto presentado, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes que ascenden á cantidade de 120,00 euros.

3º.-Acordo, se procede, sobre tramitación de expedientes de acordo co art. 41 da Lei 9/2002

3.1.- Solicitud num. 1.528/07 de don Senén Silvosos Crespo

Dáse conta da solicitude número 1528/07 presentada por don Senén Silvosos Crespo, para construción de nave para ampliación de granxa avícola sita no lugar de Sarandón da parroquia de San Miguel de Sarandón, deste termo. Dáse conta, así mesmo, da exposición ó público, por prazo de 20 días, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 22 de agosto de 2007, durante o que non se presentaron alegacións. Á vista do informe emitido polos servizos técnicos municipais para o efecto.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente a tramitación do expediente mencionado e que se remita ó Servicio de Urbanismo e Inspección Territorial da C.P.T.O.P.e T, para os efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro.

3.2.- Solicitud num. 1.543/07 de don Manuel Cutrín Midón

Dáse conta da solicitude número 1543/07 presentada por don Manuel Cutrín Midón, para construción de nave para ampliación de explotación porcina

sita no lugar de Nande da parroquia de San Fins de Sales, deste termo. Dáse conta, así mesmo, da exposición ó público, por prazo de 20 días, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 29 de agosto de 2007, durante o que non se presentaron alegacións. Á vista do informe emitido polos servizos técnicos municipais para o efecto.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente a tramitación do expediente mencionado e que se remita ó Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial da C.P.T.O.P.e T, para os efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro.

4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

4.1.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de setembro do ano que andamos, pola que se ordea a prórroga dos contratos de dona Lucía Sevio Barrio e dona Sonia María Carbia Cutrín.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.2.- Dás conta de Resolución da Alcaldía de data dous de outubro do ano que andamos, pola que se adxudica a adquisición de material para protección civil as empresas Peycar Pontevedra, Muebles Ulla e Ziegler, S.L, con cargo á subvención outorgada por Resolución do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a creación, posta en funcionamento e desenvolvemento dos servizos municipais de protección civil.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de outubro do ano que andamos, pola que se acorda dar de baixa no Padrón fiscal da taxa de recollida de lixo nos recibos emitidos a nome de don Javier Seijo Souto correspondentes ós exercicios, 2005, 2006 e 2007 ó non ser o titular da vivenda.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de outubro do ano que andamos, pola que á vista dos resultados do proceso selectivo, ordénase a contratación de dona Rocio Couto Rendo como axente de igualdade e a dona Miriam Fernández Neira como auxiliar de axuda no fogar

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de outubro do ano que andamos, pola que en función das puntuacións obtidas nos procesos selectivos, ordéase a contratación de Juan Rendo Álvarez; Manuel Freire Chas e Domingo Salgueiro Pernas (Oficiais de segunda albanais) ; José María Rosende Gonzalez ; M^a. Carmen Vázquez Turnes e Francisco Frago Barco (oficiais de terceira albanais) e Luís Pereiro Carbia e Juan Horacio Gómez Souto (oficiais de segunda de carpinteiro).

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5º.- Outros Asuntos

5.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

Dáse conta do escrito num. 1.784/07 no que don Virgilio Carpinteiro Manteiga, con domicilio en Cimadevila-San Miguel de Sarandón, solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997, e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado.

5.2.- Escrito num. 1.791/07 de dona María Canedo de la Torre

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, funcionaria de carreira deste concello, expón que o 1 de outubro completou vinte e un anos de servizos efectivos prestados na administración local, polo que amparándose no disposto legalmente e materia de función pública local solicita o recoñecemento do seu sétimo trieno, cos dereitos económicos e demais inherentes ó mesmo.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado.

5.3.- Convenio coa Deputación para o mantemento dos servizos de normalización lingüística

Dáse conta do convenio de cooperación coa Deputación Provincial para o financiamento do mantemento dos servizos de normalización lingüística.

A Xunta de Goberno acorda aceptar o citado convenio.

5.4.- Orzamento instalación sistema de climatización

A Xunta de Goberno acorda aprobar o orzamento presentando por Instalaciones Mopisca Galicia, S.L para a instalación de climatización en locais da Casa do Concello, por importe de cinco mil douscentos trece euros con oito céntimos (#5.213,08#) máis IVE, con cargo á subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ó abeiro da Orde do 16 de febreiro de 2007, pola que se anuncian as axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación, mellora e equipamento das sedes das entidades locais de Galicia (BOP num. 38/07, do 22 de febreiro).

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos